

A 3D grid of spheres on a blue background. The spheres are arranged in a regular pattern, creating a perspective effect that recedes into the distance. The spheres are a light blue color, and the background is a darker blue.

A

PREHISTORIA

ETAPAS

PALEOLÍTICO

- INFERIOR (5 milhões anos-300.000 anos)
- MEDIO (300.000 anos-40.000 anos)
- SUPERIOR (40.000 anos-10.000 anos)

NEOLÍTICO (10.000 anos-7.000 anos)

IDADE DOS METAIS (7.000 anos-5.000 anos)

- COBRE
- BRONCE
- FERRO

1.2. O PROCESO DE HOMINIZACIÓN

Os cambios que converteron aos primates en seres humanos foron lentos e complexos. Os fósiles atopados permítenos coñecer esa evolución:

- O primeiro paso foi a adquisición da **posición vertical** e a **marcha bípede**, que lles outorgaba maior campo de visión e lles liberaba as mans.
- O mantemento da cabeza en equilibrio sobre as costas facilitou o aumento da capacidade cranial e, con iso, o **desenvolvemento do cerebro**.
- As **mans** comezaron a ser usadas para **manipular e fabricar utensilios**.
- O uso do lume e dos útiles para abrandar e cortar os alimentos deu lugar á **diminución do tamaño das mandíbulas e dos dentes** e á **aparición do queixo e da fronte plana**, o que lle deu ao ser humano o seu aspecto actual.


Todos estes cambios contribuíron a incrementar a súa **intelixencia** e a **mellorar a capacidade de comunicarse** (aparición da **linguaxe**).

Grazas a estes cambios, os seres humanos foron capaces de coñecer o medio, de crear os instrumentos e as técnicas para dominalo, e, ademais, **podían transmitirles** este coñecemento ás seguintes xeracións.


1 Observa os esqueletos. ¿Que diferenzas podes ver nos brazos e nas mans? ¿E nos cráneos?

2 Explica as diferenzas na pelve e mais na columna. Relaciona estes cambios co bipedismo.


ESQUELETO DUN GORILA




ESQUELETO DUN SER HUMANO



A EVOLUCIÓN HUMANA




A EVOLUCIÓN HUMANA



PROCONSUL



AUSTRALOPITECUS



AFARIENSIS

HOMO HÁBILIS



HOMO ERECTUS




HOMO ERGASTER



HOMO ANTECESSOR








HOMO NEANDERTHALIENSIS



HOMO CROMAGNON



A INDUSTRIA LÍTICA



A INDUSTRIA LÍTICA



BIFACE



RAEDEIRA



PUNTA SÍLEX



ARPÓN DE ÓSO

ARTE RUPESTRE NO PALEOLÍTICO




ARTE RUPESTRE CANTÁBRICA



ARTE RUPESTRE LEVANTINA


CARACTERÍSTICAS	ARTE CANTÁBRICA	ARTE LEVANTINA
Cronoloxía	Paleolítico superior	Neolítico
Distribución xeográfica	Cornixa cantábrica e suroeste de Francia	Costa mediterránea española
Escenas	Pinturas de animais que non gardan relación entre eles. Non hai representación de seres humanos nin de paisaxe.	As pinturas compoñen escenas, onde aparecen animais, seres humanos e paisaxe. Hai relación entre as figuras
Cores	Pinturas policromadas: vermello, negro, ocre, etc.	Pinturas monocromas: ou vermello, ou negro...
Características xerais	Pinturas naturalistas, realistas onde aparecen animais do último período glacial: cabalos, bisontes, cervos...	Pinturas esquematizadas no que importa é o que contan, non o realismo das figuras: hai escenas de caza, danzas, etc.
Principais xacementos	<u>Altamira</u> , <u>Tito Bustillo</u> , <u>Santimamiñe</u> , <u>Lascaux</u> ...	Abrigo de <u>Cogull</u> , Cova dos cabalos da <u>Valtorta</u> ...

ARTE DA PREHISTORIA



ARTE RUPESTRE DA ZONA
FRANCO-CANTÁBRICA

ARTE DA PREHISTORIA



ARTE RUPESTRE DA ZONA LEVANTINA

ARTE MOBILIAR NO PALEOLÍTICO



bastón de mando



propulsor



Bisonte gravado nun ombreiro



Venus de Willendorf



Venus de Lespugne



Venus de Laussell



Venus de Savignac

A arte mobiliar durante o Paleolítico Superior deixa mostras de pequeno tamaño feitas en pedra, óso ou hasta de animais. Algunhas tiñan unha función dubidosa, como os bastóns de mando, en hasta de touro, con un gran furado e con gravados. Os propulsores ou lanzavenablos servían para arroxar lanzas con moita forza. Tamén temos mostras máis naturalistas, feitas no ombreiro dun animal, como o bisonte que xira a cabeza cara atrás para acomodarse na superficie na que é representada. Pero as mostras máis importantes son as pequenas figuras femininas, chamadas venus. Están feitas en pedra, marfil ou óso. Representan mulleres cos órganos sexuais moi desenvolvidos, onde o rostro e o resto da anatomía non interesa. Probablemente esculpíanas para propiciar a fertilidade das mulleres na tribo.

○ NEOLÍTICO



NEOLÍTICO EN EUROPA

CRECENTE FÉRTIL

ORIGEN Y DIFUSIÓN DEL NEOLÍTICO



Descubrimiento da agricultura e a domesticación de animais hai uns 10.000 anos en Oriente Medio, no chamado Crecente Fértil (mirar o mapa). O trigo en Oriente Medio, o arroz en Extremo Oriente e o millo en América.

A caza e a recolección aínda continuaron, pero deixaron de ser as únicas forma de subsistencia e as persoas aprenderon a producir os seus propios alimentos.

A consecuencia inmediata destes descubrimentos foi a sedentarización, é dicir, o establecemento da xente de forma permanente nun lugar. Así créanse aldeas e poboados, situados preto dos ríos, para ter auga dispoñible.

Tamén comezan a aparecer os primeiros traballos especializados: campesiños, gandeiros, artesáns...

Como avances técnicos, aparecen as ferramentas feitas de pedra pulida: aixadas para arar, fources para segar, muiños para moer o gran.

Utilízanse teares para fabricar tecidos.

Inventouse a cerámica que se modelaba á man.



OBJECTOS DO NEOLÍTICO



O NEOLÍTICO




ALDEA NEOLÍTICA

○ NEOLÍTICO


**CATAL
HUYÜK
(TURQUÍA)**



© TIMES BOOKS LTD., LONDON.




O NEOLÍTICO



HACILAR (TURQUÍA)

O NEOLÍTICO



**MOSTRAS DE
CERÂMICA CARDIAL**

PROCESO DE ELABORACIÓN MANUAL DUNHA PEZA DE CERÁMICA

1



Amasar

2



Enrolar

3



Alisar

4



Poñer asas

5



Decorar

6



Cocer

O NEOLÍTICO



UTENSÍLIOS DO NEOLÍTICO

O NEOLÍTICO



UTENSÍLIOS DO NEOLÍTICO

O NEOLÍTICO



TEAR NEOLÍTICO

3 NEOLÍTICO

3 Un metal, sometido a altas temperaturas, se hace líquido. Si se vierte sobre un molde, al solidificarse, adopta su forma. Este sigue siendo el sistema de fundición que se utiliza en nuestros días. Prácticamente no ha cambiado la técnica descubierta hace miles de años. Así, se fabricaban instrumentos cada vez más

fuertes y más resistentes, como el carro de ruedas o las espadas. El empleo de estos dos últimos, ¿qué permitiría a los pueblos que conocieron estos inventos antes que sus vecinos?


¿Qué tres metales se usaron sucesivamente?

¿Cuál fue el más importante de los tres? ¿Por qué?



METALURXIA

ELABORACIÓN DO BRONCE




En Europa, a partir do V milenio a.C., nas sociedades agrícolas máis avanzadas, os seres humanos erixiron uns monumentos construídos con grandes lousas de pedra que se denominan **megálitos**.

Existen diferentes tipos de megálitos:

- O **menhir** consiste nunha gran pedra cravada verticalmente sobre o chan. Crese que podían ser conmemorativos ou unha marca territorial.
- O **dolmen** é unha cámara formada por grandes pedras verticais que sosteñen unhas lousas de cobertura. Servía de sepultura funeraria colectiva.
- O **crómlech** está formado por un conxunto de pedras verticais e lousas horizontais dispostas formando un círculo. A súa función podería estar relacionada con algún culto agrario ou solar.

1 ¿Como se transportaban e levantaban os bloques de pedra para construír un megálito?

2 ¿Como se ensamblaban as diferentes pedras?



MEGALITOS



MENHIR



DOLMEN



TAULA



CRÓMLECH